

CURSO

Axenda 2030

Axentes do cambio

Imaxe: Cup of couple, en Pexels

Do 6 de outubro ao 2
de novembro de 2025
Teledocencia (Moovi)

Inscripcións:
bubela.uvigo.es



CURSO

Axenda 2030

Axentes do cambio



Do 6 de outubro ao 2 de novembro de 2025
Teledocencia (Moovi)

Universidade de Vigo

Axenda 2030 Axentes do cambio

O Curso “Axenda 2030. Axentes do cambio” ten unha duración de 30 horas e vai dirixido ao alumnado da Universidade de Vigo que teña un forte compromiso coa protección do medioambiente e coa erradicación das desigualdades no mundo.

O principal obxectivo deste curso é formar a estudantes para que coñezan a Axenda 2030.

A Axenda 2030 é unha resolución da ONU aprobada en 2015 que constitúe a folia de ruta da humanidade para os vindeiros anos. Centrada na protección medioambiental e na erradicación de todo tipo de desigualdades, a Axenda busca que as universidades se impliquen na xeración das condicións para acadar un desenvolvemento máis sostible e inclusivo tendo en conta as limitacións do planeta e o benestar das persoas a través da aplicación dos denominados «Obxectivos de Desenvolvemento Sostible» (ODS).

Esta actividade pódese complementar cunha acción de voluntariado nos tres campus da UVigo para dar a coñecer a Axenda 2030 e sensibilizar á comunidade universitaria sobre os seus 17 ODS mediante paneis informativos e a organización de actividades.

Preinscrición

Ate o día 2 de outubro en:

bubela.uvigo.es/bubela/e/5507_



Destinatarios/as

Estudantes con matrícula en vigor da Universidade de Vigo

Obxectivos

Ao rematar esta formación, o alumnado será quen de:

- Promover, alentar e fomentar a participación da comunidade universitaria na aplicación dos Obxectivos de Desenvolvemento Sostible na área local.
- Xerar cambios reais nos tres campus que favorezan o aliñamento das políticas da Universidade de Vigo coa Axenda 2030.
- Consolidar unha comunidade de “Axentes do cambio” organizada en grupos de traballo cooperativo.

Data e lugar de realización

Do 6 de outubro ao 2 de novembro de 2025

Formación virtual en Moovi.

Características do curso

O curso é gratuíto para o alumnado matriculado e contará con 30h de formación virtual en MOOVI na que o alumnado accederá aos contidos sobre a Axenda e a vídeos explicativos. As/os estudantes terán unha participación activa a través de foros de debate online e contarán en todo o momento co asesoramento e tutorización do equipo docente tanto para elaborar as actividades como para resolver dúbidas.

Recoñecerase **1 ECTS pola realización do curso.**

Programa

- Módulo 1. Compreendendo a Axenda 2030
- Módulo 2. As persoas
- Módulo 3. O planeta
- Módulo 4. Unindo ás persoas e ó planeta

Máis información

- **Contacta con nós no teléfono 986130261 ou**
escribe a direc.equidade@uvigo.gal



**OBXECTIVOS
DE DESENVOLVEMENTO
SOSTIBLE**